

Política lingüística: unha visión empresarial

# Política lingüística

## Unha visión empresarial

Cadernos para o Debate Nº 12



**CLUB FINANCIERO VIGO**

*Fundado en 1997*



# Política lingüística: unha visión empresarial

## ÍNDICE

	Páxina
-Presentación.....	5
-Introdución.....	7
-Marco xurídico.....	9
-Lingua e liberdade. Un apunte.....	10
-Lingua e economía.....	12
-Outros países.....	14
-Situación actual.....	15
-O problema para as empresas.....	16
-A nosa proposta.....	18
-Conclusión.....	19



## PRESENTACIÓN

Dende a súa fundación, o Club Financiero Vigo ven elaborando propostas e informando ás institucións sobre todos aqueles asuntos que, entendemos, dun xeito ou outro, poden incidir no desenvolvemento económico e empresarial de Vigo, Galicia e España; e procuramos estar presentes, de maneira responsable e co rigor necesario, no debate de todos aqueles temas que, como empresarios e cidadáns, poden afectarnos.

O Estatuto Galego, a ría de Vigo, os aeroportos, unha marca para Vigo, as infraestruturas, a área metropolitana de Vigo, a competitividade da economía española, e outros foron obxecto de reflexión, análise, debate e elaboración de propostas ás distintas administracións, por parte do Clube.

Esta posición, que non ten outro obxectivo máis que a colaboración coas institucións dende un sector da sociedade civil de tanta importancia como é o empresariado, e que vimos mantendo nestes dez anos, fai que non podamos permanecer alleos a un dos debates que, cada vez con máis intensidade, comeza a estar presente na sociedade e que, pola súa dimensión, ten e terá efectos, non so sobre os intereses e o funcionamento das empresas, senón tamén sobre o desenvolvemento social e económico de Galicia: a chamada *Política de Normalización Lingüística*.

Club Financiero Vigo, xullo de 2008



## INTRODUCCIÓN

Antes de entrar nas razóns que aconsellan facer pública a nosa posición neste tema, queremos deixar claro que está fóra de toda dúbida a nosa defensa do patrimonio histórico e cultural de Galicia, como xa ten demostrado o CFV en diferentes ocasións. Lonxe do noso ánimo está denostar ningún idioma ou ofender aos que optan por unha ou outra lingua.

Que Galicia sexa unha comunidade bilingüe debería ser unha vantaxe, e dificilmente pódese xustificar que a preservación dunha lingua poda converterse nunha cortapisa para a aprendizaxe e a 'competencia' noutras. O idioma debe ser un elemento enriquecedor e en absoluto está xustificado que poda converterse un atranco para a inmersión no mundo globalizado. Como responsables da educación das futuras xeracións, pais, administracións e educadores deben esixir e fomentar un ensino que garanta competencia suficiente aos nosos fillos para enfrontarse aos retos do presente e do porvir. E isto dificilmente será acadado coa imposición de medidas que limitan a aprendizaxe de materias tan fundamentais nestes momentos como os idiomas. A experiencia doutros países, que, sen renunciar á defensa das súas linguas vernáculos minoritarias, optaron pola súa difusión sen imposicións, debería servirnos como referente.

A nosa postura, xa que logo, non está sostida en criterios de carácter ideolóxico ou político. Estamos convencidos de que so dende a liberdade, a contraposición de opinións e a formulación de propostas rigurosas se pode construír unha sociedade verdadeiramente democrática, moderna, estable e capaz de competir nun

mundo globalizado e aberto, no que dende hai tempo se veñen derrubando tipo de fronteiras.

Non está no noso ánimo entrar no debate sobre cal é a lingua dun territorio: en primeiro lugar, porque partimos da idea de que non son os territorios os que posúen linguas, senón as persoas. En segundo lugar, porque ademáis, sendo as linguas patrimonio das persoas, en Galicia conviven centos de miles de galegos que teñen como lingua propia o galego, e centos de miles de galegos que teñen como lingua propia o castelán. E tanto unhas como outras, teñen o dereito a expresarse no seu idioma e a que os seus fillos sexan educados na lingua materna, sexa esta cal sexa das dúas oficiais en Galicia.

En todo caso, no CFV estamos convencidos de que as sociedades abertas a tódalas culturas, aos avances e cambios tecnolóxicos, aos fluxos de persoas ou aos intercambios económicos, son as que se beneficiarán dun mellor clima de convivencia, dun maior desenvolvemento económico e, en definitiva, dun maior benestar. O espectacular crecemento e desenvolvemento de Vigo ao longo do século pasado ten moito que ver con esa concepción.



### Marco xurídico

A efectos de situar a reflexión dentro do marco xurídico que lle serve de base, convén lembrar que a **Constitución Española** recolle no seu artigo 3 que o castelán é a lingua española oficial do Estado e que tódolos españois teñen **o deber de coñecela e o dereito a usala**; que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas, de acordo cos seus Estatutos; e, por último, que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Doutra banda, parécenos tamén de interese sinalar que a Constitución, nos seus artigos 14 e 139, expresa que **os españois son iguais ante a Lei**, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como que **tódolos españois teñen os mesmos dereitos e obrigas** en calquera parte do territorio do Estado.

Pola súa parte, o **Estatuto de Galicia** recolle no seu artigo 5 que a lingua propia de Galicia é o galego e engade que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e **todos teñen o dereito de coñecelos e usalos**. Ademais, o mesmo artigo sinala que **os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas** e potenciarán a utilización do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento, así como que **ninguén poderá ser discriminado por razón de lingua**.

A pregunta que procede facer é si, efectivamente, tódolos cidadáns de Galicia teñen eses dereitos e, no suposto de que sexa así, se realmente e en determinadas circunstancias eses dereitos son respectados polas administracións e poden exercelos.

### **Lingua e liberdade. Un apunte**

É sinxelo de constatar que no seu desenvolvemento histórico, as linguas, como ferramentas que son, ‘se teñen soas’ e se manteñen, expanden ou esmorecen por razóns absolutamente pragmáticas, derivadas de condicionamentos socio-históricos concretos, allos a toda consideración ética ou política a posteriori, e, por suposto, a toda vontade conscente de trocalas.

Toda política lingüística que apele ao imperativo corre serios riscos de fracasar. É máis, baixo o criterio do imperativo, o propio concepto de política lingüística, é en si memo dubidoso e ten, no fondo, un certo tinte de *Big Brother* orwelliano. Ninguén maxina unha política indumentaria que, baixo factores de identidade, estimúlase a uniformidade no vestir. A lingua é algo tan persoal, tan definitorio e tan fondo como os nosos sentimentos.

O uso e abuso de conceptos como *política lingüística*, *normalización lingüística*, *lingua de Galicia*, entrañan riscos que, ao fin, van compoñendo un clima de imposición de luva branca que, como é lóxico, aviva o lume das posicións contrarias. Na nosa opinión, non existe unha materia na que o exercicio da liberdade sexa por definición máis intocable que o da lingua que falamos.

Isto non quere dicir que, nunha situación de bilingüismo des-

igual, non se poda dende os poderes públicos estimular, incentivar ou promover o libre uso dunha determinada opción. Pero cando a pretendida normalización, ademais de dar ás a toda sorte de posicións radicais ou sectarias, atopa o refrendo oficial, etiquetando co perigoso marchamo da obligatoriedade un exercicio de liberdade inalienable, estase a prender o lume da discordia e o enfrontamento e, máis tarde ou máis cedo, chamando á invocación de dereitos fundamentais, como xa está sucedendo.

Todo estado de opinión imposto unilateralmente, que obvie sensibilidades e pareceres lexítimos, xera o seu contrario. Que o galego é a lingua de Galicia? Digamos que si, que o galego é o idioma de Galicia para quen en Galicia fale galego. Cal é o idioma dun galego que fala castelán, por herdanza familiar, dende hai xeracións? Avanzamos cara a recuperación do idioma, obrigando aos seus fillos ou netos a estudar nun idioma que non coñecen e que simplemente, gústenos ou non, non é o seu?

Non son os pobos os que teñen lingua, senón as persoas. Non ten que facerse forza dogmática en principios da lingüística histórico-comparativa para que adquiran unha preponderancia que non lles corresponde. É o rumantsch a lingua de Suiza? Ou o galés de Gales? Si, dende a disciplina científica. Non, e non so, dende a perspectiva social.

Hai un clamor hoxe en Galicia, como noutras comunidades españolas, por retornar ao sentido común e a unha lectura progresista e integradora de España, que moitos compartimos, persuadidos de estarmos nunha casa común na que vivimos moi a gusto, conscientes do que nos diferencia pero tamén do moito que nos une.

Faise imposible coñecer o final de tódolos camiños, pero a ninguén se lle escapa que, nun mundo globalizado e dirixido cada vez con maior intensidade á ruptura de fronteiras, erixir novos muros é unha estratexia que, tarde ou cedo, acabará volvéndose contra quen a promove.

### **Lingua e economía**

A lingua constitúe un dos principais alicerces da economía. O imparable crecemento da globalización, dos fluxos comerciais e dos procesos produtivos, a crecente internacionalización dos mercados de bens e servizos, a mundialización das actividades económicas e o amplo despregamento intercultural ou da sociedade do coñecemento, fan que as linguas teñan cada vez unha maior relación coa economía, especialmente as linguas ponte ou internacionais.

A lingua pode, xa que logo, favorecer os fluxos económicos, achegar valor ou reducir custes nas transaccións comerciais e ser unha das máis útiles ferramentas para un empresario que pretenda espallar a súa actividade máis alá das fronteiras do seu país, máis alá dos límites lingüísticos. A título de exemplo, valla a observación do proceso experimentado por Irlanda que, sendo unha comunidade bilingüe, baseou o seu crecemento na súa clara e decidida opción polo inglés, sen por iso descoidar a recuperación e protección do gaélico.

A misión fundamental dunha lingua é, por riba de calquera outra consideración, propiciar e favorecer a comunicación, e parece evidente que o seu valor de uso estará en proporción directa co

número de intercambios de comunicación dos que a utilizan. É dicir, cantos máis falantes teña unha determinada lingua, maior será o seu valor e a súa utilidade para quen necesita utilizala.

Ofrece poucas dúbidas, e a historia así o amosa, que **o progreso económico das nacións vai parello ao espallamento da súa lingua**, como sucedeu co grego, o latín, o árabe e o inglés en cada etapa histórica, actuando tamén como un factor de cohesión e vertebración de amplas áreas, como podería ser a comunidade anglófona ou hispanofalante hoxe en día. Todo iso tradúcese nunhas expectativas de mercado e interacción económica que teñen precisamente como nexos de unión a lingua común.

Hai un factor sumamente importante no que atinxe á incidencia da lingua na economía: **o seu papel como redutor de custes de transacción e como elemento potenciador dun clima que facilita a negociación**. Esta redución de custes e esta creación de clima de negociación favorable danse se as partes implicadas utilizan un idioma común.

A título de curiosidade, convén salientar que o estudio de Martín Municio *El valor económico de la lengua española* (Espasa Calpe 2003), dende unha perspectiva macroeconómica, atribúelle un valor dun 15 % do PIB, segundo os datos da nova Contabilidade Nacional: aproximadamente 125.000 millóns de euros. Refírese, obviamente, Martín Municio ao feito de que a lingua entra a formar parte do produto nacional como insumo directo dun gran número de bens e servizos- e indirecto de practicamente todos eles- nunha proporción que se estima nesa porcentaxe (\*) .

En definitiva, **a utilidade dunha lingua e os servizos que presta son tanto meirandes canto máis amplo é o colectivo que a utiliza**. A capacidade de comunicación medra na medida na que se recorra a unha lingua que é accesible a un número máis amplo de persoas. Parece claro, xa que logo, que a utilidade do coñecemento dunha lingua aumenta co tamaño do grupo lingüístico que a utiliza.

(\*) *Economía del español. García Delgado y otros.*

### **Outros países**

Na actualidade, o español- tamén lingua propia de Galicia- é, despois do inglés, a segunda lingua de comunicación internacional e é tamén a segunda lingua máis estudada en Europa, Brasil ou China, ademais de en EE.UU onde experimentou un crecemento exponencial no ensino e onde hai máis de 40 millóns de hispanofalantes.

Sen embargo, da información da que dispoñemos dedúcese que é España o único país occidental no que, en amplas áreas do seu territorio, non é posible aprender a un rapaz na lingua oficial do conxunto do país.

Recollemos aquí, de xeito sucinto, cal é a situación nalgúns dos países da nosa contorna que se citan nalgunhas publicacións (por exemplo, a da área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo) como modelos de bilingüismo a imitar:

**-Reino Unido.** En Gales, con dúas linguas oficiais, pódese elixir a lingua de instrucción, e dous tercios dos alumnos reciben o

ensino esencialmente en inglés, co galés como materia obligatoria.

**-Italia.** Na rexión do Alto Adagio-Trentino/Süd Tirol, onde hai dúas linguas oficiais, italiano e alemán, os pais ou alumnos poden escoller en que lingua reciben o ensino.

**-Finlandia.** Hai dúas linguas nacionais, o sueco e o finés. Nos municipios bilingües os pais teñen dereito a elixir a lingua de instrución dos seus fillos, que estudian a outra lingua nacional como materia. Permítese a inmersión na lingua non materna, mais é voluntaria.

**-Islandia.** A lingua de instrución é o islandés, que é a materna de practicamente a totalidade da poboación: estúdanse o danés e o inglés como materias obrigatorias.

Nestes países, a inmersión nunha ou noutra lingua é sempre unha opción que voluntariamente asumen as familias.

**O Club Financiero Vigo propón como alternativa para o ensino en Galicia un modelo lingüístico semellante ao vixente nos países anteditos** que teñen máis dunha lingua oficial. **Suxírese un modelo flexible baseado no principio do dereito á elección da lingua docente por parte de pais ou alumnos**, xa que, ademais, a flexibilidade fomentaría a vinda a Galicia de profesionais moi necesarios para o desenvolvemento económico e social.

### **Situación actual**

Dende a aprobación da Lei 1/1983 de Normalización Lingüística ata o ano 2005, a convivencia do galego e o castelán no

ensino tiña un nivel de razoable aceptación, sen que isto producise excesivas crebaduras ou tensións, xa que, malia que as familias non tiñan a posibilidade de escoller unha educación totalmente en castelán ou en galego, como moitas desexarían, existía un razoable equilibrio entre ámbalas dúas linguas.

Dende 2005, e especialmente a partires da publicación do Decreto 124/2007, **as posibilidades de escolarización en español para os nenos de Ensino Primario e de lingua materna castelá son practicamente nulas**. Algo semellante sucede- aínda que en menor medida- co ensino nos seus niveis secundario e de bacharelato, nos que na práctica totalidade das escolas- sexan públicos, concertados ou privados- o español desapareceu ou ocupa un lugar residual, pois a lingua vehicular é o galego; as materias troncais impártense nesa lingua, tendo o castelán tratamento de lingua estranxeira ou é utilizado nalgunhas materias menores, como Música, Relixión, Ximnasia ou Manualidades.

### **O problema para as empresas**

Como consecuencia do endurecemento na esixencia do galego no ensino, sen practicamente posibilidade de opción de ensino en español, **moitas empresas estánse a enfrontar á dificultade de reter ou contratar persoal cualificado procedente doutras rexións españolas ou doutros países**, se a súa idade se sitúa na franxa de 30 a 50 anos e teñen fillos en idade escolar.

Moitos destes profesionais, ante a tesitura de ter que formar aos seus fillos nunha lingua que non é a súa, e debido á imposibilidade de facelo en español, optan por rexeitar a súa incorporación a



empresas radicadas en Galicia, co, moitas veces, conseguinte prexuízo para a competitividade das mesmas, por tratárense de profesionais de alta cualificación.

Tamén se están a dar casos de profesionais que non teñen problemas para atopar emprego noutras comunidades de fala española e abandonan Galicia polas mesmas razóns.

Córrese o risco, obxectivo, de que algunhas grandes corporacións, por esas mesmas razóns e ante a presión dos seus directivos, podan trasladar as súas delegacións territoriais fóra das comunidades nas que na actualidade se aplican políticas semellantes.

A todo isto hai que engadir as dificultades que, de facto, teñen as empresas para optar a concursos e ofertas da Administración- especialmente en determinadas áreas- se a documentación non se presenta en galego, o que pode representar atrancos ou retrasos moi considerables cando se trata de proxectos de certa complexidade técnica e léxico especializado.

En definitiva, e no que atinxe á actividade empresarial, de manterse esta situación, tódolos esforzos das administracións deben ir dirixidos a impulsar políticas que eviten a posible fragmentación dos mercados, que faciliten os investimentos españois e estranxeiros e, como dicíamos arriba, non escorrentaren a profesionais que poderían ser moi valiosos.

## **A nosa proposta**

De acordo cos datos expostos e co único obxectivo de que sexan respectados os dereitos das persoas, o Club Financiero Vigo propón á Xunta de Galicia que se adopten as seguintes medidas en materia de política lingüística:

**-No eido da educación nos seus distintos niveis:** Serán os pais os que decidan en cal das dúas linguas oficiais (castelán ou galego) deben ser educados os seus fillos, impartíndose a outra lingua como materia obrigatoria.

**-No eido das administracións:** Tódolos cidadáns terán o dereito de seren atendidos polas administracións en calquera das dúas linguas oficiais. A administración atenderá e contestará os escritos que reciba dos cidadáns na lingua na que estes se dirixan a ela; ámbalas dúas terán o mesmo tratamento.

**-No eido do comercio:** Serán os empresarios e comerciantes os que decidan en que lingua prefiren anunciar os seus produtos, rotular os seus establecementos ou relacionarse cos seus clientes.

**-No eido da sinalización oficial do territorio:** A sinalización pública así como a rotulación dos edificios oficiais será bilingüe galego-español, e non exclusivamente na lingua autonómica.

## Conclusión

No Club Financiero estamos convencidos de que un cambio de modelo tanto na política lingüística, como na política educativa en xeral, no senso que propoñemos neste documento, suavizará tensións sociais e impulsará o desenvolvemento económico e social, ademais de contribuir a fortalecer a lingua galega e un bilingüismo harmónico.

Neste sentido, facemos nosas as recentes manifestacións do presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño: "Galicia vive nun ámbito plurilingüe, que será máis rico na medida en que os cidadáns se expresen en galego, en castelán e en lingua estranxeira". O idioma galego é un "valor do país" e, malia que é preciso "traballar a prol do pulo, o coñecemento e a utilización do idioma galego", son rexeitables "imposicións en materia lingüística".

Do mesmo xeito, animamos á Xunta de Galicia a facer realidade a reivindicación do vicepresidente, Anxo Quintana, para "seducir" aos que non utilizan o galego, pero "lonxe de imposicións".

Agora, soamente se trataría de actuar en consecuencia.

